

C.E.I.P. EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ
Lamelas, 21 (Brexo-Lema)
15659 Cambre (A Coruña)

Curso Escolar 2010/2011
Revisado curso 2015/2016

REGULAMENTO

DO

COMEDOR ESCOLAR

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. OBXECTIVOS

3. PRAZAS E INSCRICIÓN

4. SERVIZO DE COMEDOR

1. HORARIO

2. PERSOAL DO COMEDOR

3. OBRIGACIÓN DOS/AS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS DO
ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR ESCOLAR

4. OBRIGACIÓN DOS/AS ALUMNOS E ALUMNAS

5. INFRACIÓN E SANCIÓN

V. RELACIONES COA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DO
COMEDOR

VI. DISPOSICIÓN FINAIS

I. INTRODUCCIÓN

A Asociación de Nais e Pais do C.E.I.P. Emilio González López implanta o Servizo de Comedor no colexio ante as necesidades dos pais e nais de conciliar a vida laboral e familiar. Por tal razón, asume xestionar devandito Servizo, que é tamén un elemento educativo e de convivencia, polo que se fai necesario aprobar e dar a coñecer ás familias usuarias do comedor este Regulamento que rexerá a partir da data da súa aprobación.

O comedor escolar deberá cumprir as esixencias establecidas na lexislación vixente en materia de seguridade alimentaria e en concreto o Regulamento CE 852/2004, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, o Real Decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establece as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, e o Real Decreto 202/2000, do 11 de febreiro, polo que se regulan as normas relativas aos manipuladores de alimentos.

O comedor escolar debe proporcionar a consolidación duns hábitos de saúde e hixiene como os desenvoltos no entorno familiar. Tamén debe permitir traballar outros valores como son a solidariedade, a cooperación e a tolerancia.

Por todo elo fíxanse unha serie de obxectivos e normas que marcarán as actuacións de todas as persoas que interveñen no servizo de comedor escolar.

II. OBXECTIVOS

Os obxectivos do servizo de comedor que se establecen son os seguintes:

- Obxectivos a cumprir durante a comida:

1. garantir unha alimentación sana e equilibrada
2. promover e desenvolver hábitos alimentarios saudables: aprender a comer de todo, mastigar correctamente
3. inculcar hábitos de hixiene persoal: lavado de mans e de dentes
4. inculcar hábitos de boas maneiras na mesa: postura, uso correcto dos cubertos...
5. adquirir hábitos sociais: fomentar a colaboración e boas relacións

- Obxectivos a cumprir durante o tempo libre:

1. desenvolver hábitos de convivencia
2. desenvolver o compañeirismo, o respecto e a tolerancia
3. aprender a utilizar o tempo libre participando nas actividades propostas

III.PRAZAS E INSCRICIÓN

1. Terán prioridade para praza, os comensais fixos, seguidos dos descontinuos e en último lugar os esporádicos.
2. En igualdade de condicións terá prioridade o alumnado socio da ANPA do centro.
3. Poden acollerse ao servizo de comedor todoo alumnado matriculado no centro que así o soliciten e sempre que haxa prazas vacantes.
4. O número de prazas de comedor fíxase en 50 (nunha quenda) ou 100 (repartidos en dúas quendas) alumnos/as comensais.
5. O criterio de admisión no suposto de superar as solicitudes o límite máximo queda establecido segundo a seguinte baremo***:

1. Alumnado en situación económica desfavorable: 6 Puntos
2. Alumnado, fillos e fillas de país e nais traballadores/as con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais: 5 Puntos
3. Alumnado usuario do comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo que foi admitido: 4 Puntos
4. Alumnos e alumnas con irmáns e irmás con praza no comedor o ano anterior: 3 Puntos
5. Alumnado membro de familia numerosa: 2 Puntos
6. Alumnado coa vivenda habitual a máis de 2 km do centro: 1 Puntos

*** calquera dos apartados, deberán ser acreditados coa documentación oportuna e necesaria.

En caso de empate procederase públicamente, a un sorteo polo/a Presidente/a da ANPA en presenza da Dirección do centro.

6. A inscrición ao servizo de comedor ten carácter anual e formalizárase no mes de xuño do curso anterior a aquel no que se vaia facer uso do servizo, sendo os requisitos de inscrición os seguintes:
 1. Entregar en prazo, a ficha de inscrición ao servizo de comedor debidamente cuberta.
 2. Entregar a ficha persoal de usuarios e usuarias de comedor, na que figura a quenda de saída.
 3. Abono do “seguro comedor” (7 € para socios e non socios).
 4. Os non socios/as da ANPA, deberán abonar ademais do seguro de comedor, o importe correspondente á “cota servizo comedor” (10€).

O incumprimento de calquera dos requisitos establecidos en este apartado, determinará a falta de efecto da solicitude de praza, sen prexuízo de que se proceda novamente a súa solicitude.

7. Poderán incorporarse alumnos/as ao servizo de comedor en data distinta ao mes de xuño, se hai prazas vacantes, debendo cumprirse todos os requisitos sinalados nos apartados anteriores, antes do día 25 do mes anterior a aquel en que deba ter efecto.
8. As baixas e modificacións de utilización do servizo deberanse notificar á ANPA antes do 25 do mes anterior a aquel en que deban ter efecto, cumprimentando a ficha de “baixa ou modificación do servizo”. De non entregarse a documentación antes desa data, deberase abonar a mensualidade correspondente ao mes seguinte nas mesmas condicións do mes anterior.
9. Poderán facer uso do comedor alumnos/as con carácter esporádico, sempre que haxa prazas vacantes. Para acollerse a este servizo deberán cubrirse as fichas de inscrición e abonar o seguro correspondente, así como a “cota de comedor” de non ser socio/a da ANPA. Será imprescindible comunicalo por teléfono á empresa concesionaria do servizo antes das 13 horas do día en que se vai utilizar o servizo esporádico, efectuando o pago conforme estableza a citada empresa (que en ningún caso será a través da ANPA) e avisando por escrito ao titor/a do alumno/a de que se vai facer uso do servizo nese día en concreto.

IV.SERVIZO DE COMEDOR

HORARIO

O comedor escolar comenará o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño.

O servizo de comedor abrangue o espazo entre as 14:30 e as 16:30 horas.

Establécese dúas quendas de saída:

Primeira quenda: 15:30 horas ⁽¹⁾

Segunda quenda: 16:20 horas.

(1) Para as familias da primeira quenda, o portalón pecharase ás 15:35 horas, en caso de chegar máis tarde desta hora, deberán pasar a recoller ao neno/a na seguinte quenda.

No horario de comedor o alumando usuario estará baixo a tutela dos coidadores/as de comedor.

Ao rematar a quenda de comedor os/as alumnos/as deberán ser recollidos polo pai/nai/titor legal, salvo:

- . Autorización escrita para ser recollidos por outra persoa.
- . Autorización escrita para que o/a neno/a abandone só o colexio.
- . Que o/a neno/a quede no colexio para realizar actividades extraescolares.

O alumnado que permaneza no centro escolar para a realización de actividades extraescolares deberá ser recollido polo/a coordinador/a de actividades para distribuílos entre ditas actividades (sempre e cando se realicen no centro ou no pavillón).

No tempo que dure o servizo de comedor o alumnado poderá facer uso dos patios e zonas asignadas polo Consello Escolar para tal fin (vestíbulo esquerdo, aula de Usos Múltiples/Música e baño da esquerda) e tamén o pavillón municipal, sempre acompañados/as dos/as coidadores/as. Non poderán utilizar, nin andar polo resto das dependencias do centro.

O alumnado que non asista ás clases non poderá facer uso do servizo de comedor.

Se algún alumno/a fixo/a do comedor non se vai quedar ao mesmo un día determinado, tendo asistido á clase, deberá notificalo ao servizo de comedor polo sistema establecido pola empresa concesionaria, e por escrito ao titor/a correspondente aclarando o día ou días que non asistirá ao comedor.

PERSOAL DO COMEDOR

-O persoal será nomeado pola empresa concesionaria do servizo de comedor e deberá reunir os requisitos e titulación esixidos pola normativa vixente.

-Deberán ter un trato cordial, xusto, educado e paciente co alumnado.

-Coordinarán tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación do enxoval de comedor.

-Axudarán ao alumnado que, por idade ou necesidades asociadas ás condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.

-Cando se produza algunha incidencia ou falta xa sexa leve ou grave, deberá comunicarse ao encargado/a do comedor, para tomar as medidas que procedan para abordar a situación (aviso á familia, traslado ao centro sanitario,....)

-Velarán para que o recinto do centro permaneza pechado, salvo nos horarios de saída.

-Cando exista algún contratempo durante o tempo de comedor, os monitores poñeranse en contacto telefónico coas familias. Os pais/nais sempre deixarán un ou varios números de teléfono activos para poderlles avisar en caso de necesidade. Caso de non contestar e/ou non ser localizados, utilizarase calquera medio posible para a súa localización.

Durante o período de comedor, o persoal seguirá as seguintes pautas:

-Accidente leve: chamarase á familia do neno/a e actuarase segundo instrucións.

-Accidente grave: chamarase ao 112 e avisarase á familia inmediatamente. Informarase o Responsable do Servizo de Comedor do ANPA e á Dirección do Centro Escolar.

En caso de ser necesario o traslado do neno/á un centro sanitario, este será acompañado por un coidador sempre que a situación así o permita. En caso contrario será a familia do neno a responsable de recollelo para o seu traslado ao centro sanitario.

En ningún caso se administrarán medicamentos aos/ás nenos/as que asisten ao comedor. Igualmente, nunca se deben entregar medicamentos aos/ás nenos/as. En caso necesario, arbitrase a maneira de facelo poñéndose en contacto co/coa encargado/a de comedor da Xunta Directiva da ANPA.

-Tamén serán competencia do persoal as seguintes funcións:

1. Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.
2. Servizo de atención ás mesas dos/as usuarios/as.
3. Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando do seu uso e conservación. Exceptuando os baños, o chan da sala do comedor e cristais dos que se fará cargo a empresa concesionaria do Concello que se encarga da limpeza xeral do colexio.

4. Información ao/a encargado/a de comedor escolar de aquelas cuestións que afecten ao funcionamento do servizo.
5. Informar as familias do desenvolvemento do alumando no comedor, de xeito periódico.

OBRIGACIÓNS DOS/AS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS DO ALUMNADO

Son obrigacións das familias usuarias do servizo de comedor:

1. Estar ao corrente no pago das súas cotas. O incumprimento da obrigación de pago determinará, previa comunicación dos responsables da empresa concesionaria do servizo, a perda do dereito ao uso do comedor.
2. Subscribir o documento de aceptación das normas de funcionamento do comedor.
3. Favorecer e cooperar para o adecuado cumprimento nas normas establecidas.
4. Comunicar aos responsables do servizo de comedor do ANPA por escrito as posibles alerxias, réximes...Así como todas as incidencias que se deriven do servizo.
5. Responsabilizarse de recoller aos seus/súas fillos/as dentro dos horarios establecidos. O pai/nai ou titor/a de o/a usuario/a de comedor ao comezo do uso do mesmo deberá informar á Xunta Directiva do ANPA o nome das persoas que recollerán ao menor, así como de avisar se vai recollelo outra persoa distinta, e os días que acode a actividades formativas complementarias dentro do mesmo centro. O incumprimento desta obriga determinará, previa comunicación telefónica tres veces e unha por escrito, que a Xunta Directiva da ANPA poña este feito en coñecemento do/a Director/a do Centro por se se trata dunha situación irregular ou de abandono, para adoptar as medidas que legalmente resulten procedentes.

OBRIGACIÓNS DOS /AS ALUMNOS/AS

Para poder utilizar o servizo de comedor o usuario/a deberá ter asistido ese día á clase pola mañá.

O alumnado usuario de comedor deberá comer polo menos unha ración mínima dos tres pratos do menú.

Son normas de convivencia para o alumnado usuario do comedor:

a) De hixiene persoal:

- Aseo xeral: antes de entrar ao comedor, os alumnos deberán lavarse as mans.
- Uso correcto dos cubertos no servizo e consumo dos alimentos.
- Manter unha postura correcta mentres se come.
- Comer coa boca pechada

b) De hixiene ambiental:

- Manterán un ton de voz moderado.
- Seguirá as indicacións do persoal que os atende no comedor.
- Non se levantarán da mesa sen permiso dos coidadores.
- Non xogarán coa comida, nin lla tirarán uns a outros.
- Coidarán e respectarán o material e mobiliario do comedor, así como o do resto das instalacións.

c) Os alumnos farán un uso adecuado dos espazos

d) No horario de comedor, o recinto escolar estará pechado, por tanto, o alumnado que non pertenza ao comedor non poderá estar no devandito espazo.

e) O alumnado do comedor non sairá do recinto escolar baixo ningún concepto.

O alumnado de comedor que por calquera causa deba saír do recinto escolar, deberá entregar xustificante asinado polos seus pais ou titores a algún dos monitores do comedor.

Será unha obriga dos usuarios/as tratar co debido respecto a todo o persoal do comedor así coma a todos/as os/as compañeiros/as.

Así mesmo, son dereitos do alumando usuario do comedor:

- **Recibir unha alimentación sa e equilibrada.**
- **Adquirir hábitos alimentarios e sociais correctos**
- **Recibir un trato correcto**

INFRANCCIÓN E SANCIÓN

As actividades do Comedor Escolar regíranse polo presente regulamento. Os comportamentos que non se axusten as normas de convivencia antes descritas serán sancionados como faltas leves, graves ou muy graves, atendendo a súa trascendencia.

Os encargados da imposición das sancións serán, atendendo a gravidade do caso, as monitoras, a Xunta Directiva da ANPA, a Dirección do Centro Escolar e a Comisión de Convivencia.

Non se imporán sancións contrarias á dignidade física ou persoal.

Respectarase a debida proporción entre a falta e a sanción aplicada, tendo en conta a idade do/a usuario/a e as súas circunstancias persoais, familiares e sociais.

En ningún caso a sanción poderá consistir en privar ao/á alumno/a da inxestión da ración completa de comida que se estableza no menú.

En todo caso, para sancionar unha conduta, terase en conta o recoñecemento espontáneo da falta cometida.

As sancións prescribirán ao finalizar o curso escolar.

TODAS AS SANCIÓN, ASÍ COMO AS CAUSAS, SERÁN POSTAS EN CONOCIMIENTO DAS FAMILIAS, E DO MESMO MODO REFLEXADAS NO LIBRO DE INCIDENCIAS DO COMEDOR ESCOLAR.

FALTAS LEVES

Serán consideradas faltas leves conductas tales como desobedecer ó persoal do comedor, gritar, levantarse da mesa sen permiso, non lavar as mans ou os dentes, correr polo comedor...

As sancións serán impostas polo persoal do comedor e consistirán en medidas tales como amonestación verbal ó alumno/a, cambio de sitio na mesa, perda do dereito para participar en xogos ou actividades de lecer, realización de tarefas relacionadas coa falta cometida...

FALTAS GRAVES

Constituirán faltas graves as conductas de desobediencia reiterada ó persoal do comedor, saír do recinto sen permiso, tirar intencionadamente comida ó chan ou a outros compañeiros, deterioro intencionado ou por mal uso do material propio do comedor,...

Este tipo de faltas serán comunicadas polo persoal do comedor á Xunta Directiva da ANPA, quen, unha vez informada sobre o caso e oídas as partes, tomará as medidas oportunas e informará por escrito as familias.

FALTAS MOI GRAVES

Serán consideradas sempre faltas moi graves a reiteración de faltas graves, a falta de respecto ou a agresión física ou verbal ó persoal do comedor ou ós compañeiros/as e, en xeral, calquera conducta violenta.

As sancións por faltas moi graves poderán contemplar a expulsión do alumno/a do Comedor por tempo definido ou de maneira definitiva, e serán decididas pola Xunta Directiva da ANPA e a Comisión de Convivencia do Consello Escolar do Centro, previa audiencia coas familias implicadas.

En caso de ser precisa a apertura de expediente seguirase o procedemento recollido no Regulamento de Réxime Interno do Centro.

OUTRAS CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL

Ademais das descritas anteriormente relacionadas co impago das cotas de comedor e co comportamento inadecuado do/a alumno/a, será motivo de suspensión temporal da prestación do servizo de comedor:

- Padecer unha enfermidade que poda suponer risco para os demais usuarios/as do servizo.
- A inapetencia habitual continuada.
- Carecer dunha mínima autonomía á hora de comer.
- Non controlar habitualmente os esfínteres.

V.RELACIÓNS COA EMPRESA CONSESIONARIA DO SERVIZO DO COMEDOR

- A empresa concesionaria do servizo de comedor deberá enviar á Xunta Directiva da ANPA, e esta á Dirección do Centro:
 - α) A relación nominal das persoas adultas que se encarguen da prestación do servizo do comedor.
 - β) A relación de usuarios/as na que figure o nome e apelidos, enderezo, teléfono, idade, curso, nome e apelidos dos pais/nais/titores legais, se presentan algún tipo de alerxia alimentaria, intolerancia a algún tipo de alimentos ou alguna enfermidade crónica (asma, diabetes,...), e de ser requerido a cota mensual que paga cada usuario/a polo servizo.
 - χ) A relación de menús que se serven no comedor da maneira que acostume a empresa concesionaria nese momento (mensualmente, trimestralmente...)
 - δ) O persoal do comedor estará en contacto coa Comisión de Comedor da Xunta Directiva da ANPA, comunicándolle calquera incidencia conforme ao establecido nos capítulos anteriores deste regulamento.
 - ε) O/A coordinador/a do comedor ou o/a responsable de comedor e a Xunta Directiva da ANPA ou a Comisión de Comedor de dita Xunta, así como o/a Director/a do Centro, reuniranse a requerimento de calquera deles, cando exista motivo xustifico.
- Xuntaranse a este regulamento unha copia actualizada do contrato asinado pola empresa encargada de comedor e pola ANPA do centro.

VI.DISPOSICIÓNS FINAIS

1. O estipulado neste regulamento é de obrigado cumprimento para todas as entidades nomeadas no mesmo.
 - O presente regulamento, que figurará como anexo no Regulamento de Réxime Interno do Centro, poderá ser modificado:
 - Se así o esixen novas disposicións sobre regulacións de comedores escolares
 - A petición xustificada dalgunha das partes cumprindo os mesmos requisitos esixidos para a súa aprobación.
2. Este regulamento foi aprobado pola Asamblea Ordinaria da ANPA do CEIP Emilio González López celebrada o día 2 de decembro de 2010, e incorporado ao Regulamento de Réxime Interno de CEIP Emilio González López coa aprobación do Consello Escolar reunido en Convocatoria Ordinaria de 20 de decembro de 2010.
3. Entregarase copia deste regulamento á empresa adxudicataria, ao encargado/a do comedor, a ANPA e a todos/as os/as usuarios/as do servizo que o soliciten.
4. No curso 2015/2016 revísase este Regulamento, pola encargada de comedor da ANPA e incorpóranse as correccións propostas por esta, que non modifican as bases deste regulamento. Apróbanse os cambios no Consello Escolar do CEIP Emilio González López.
5. Entregarase copia deste regulamento coas correccións á empresa adxudicataria, ao encargado/a do comedor, a ANPA e a todos/as os/as usuarios/as do servizo que o soliciten, estando permanentemente unha copia no taboleiro de secretaría do Centro.